


OUTUBRO
2024



NESTE MES DE OUTUBRO



IMOS EMPEZAR CATEQUESE:

XOVES DÍA 3 ÁS 4'00

EN FORNELOS

NEN@S DE PRIMARIA

VENRES DÍA 4 ÁS 4'30

EN FORNELOS

MOZ@S DE SECUNDARIA

SÁBADO DÍA 5 ÁS 4'15

EN MOSCOSO

NEN@S E MOZ@S

IMOS EMPEZAR ENSAIOS DE GUITARRA:

VENRES DÍA 4 ÁS 8'00 NA REITORAL DE FORNELOS



ATENCIÓN DE CÁRITAS:

Dende cáritas de Os Cotos,
se podemos, axudamos
a quen nos pida unha man.
Estamos no local da casa
reitoral de Fornelos
os xoves día 10 e 24
de dez a doce da mañá.



224 Folla
informativa para
a comunidade
cristiá

"Un contiño para vivir""Onde está o corazón?"

Un día un neno preguntoume:

O corazón está sempre no mesmo lugar ou tal vez se move de cando en vez?. Vai á dereita ou á esquerda?.

Non – contestei - , está sempre no mesmo lugar... á esquerda.


E nese momento pensei... Logo, un día medrarás e entenderás que vive en mil lugares diversos, sen habitar en realidade en ningures.

O levas na gorxa cando estás namorado. No estómago cando tes medo ou estás ferido. Algunhas veces acelera os seus latexos e parece sentirse no peito. Outras, en cambio, se cambia co cerebro.

Crecendo aprenderás a tomar o teu corazón para depositalo noutras mans. E a meirande parte das veces volverá a ti magoado, pero non te preocupes será igual de fermoso. Pero isto o entenderás despois de moito, moito tempo.

Haberá días que pensarás que xa non tes corazón, que o perdiches, e o buscarás nun recordo, nun perfume, na mirada de alguén , nos vellos petos dunha gabardina esquecida... pero ten por seguro, que o atoparás, porque un sofre xa que ten corazón, sen el ... a vida morrería.

Atopa as seis pezas que hai abaixo



un enorme santuario en honor á Virxe do Pilar, patroa da cidade de Zaragoza.

O SANTO PARA O MES, en outubro, o día 12: PILAR

É un nome de orixe castelá que significa "piar, columna".

É a advocación aragonesa máis importante á Virxe María.

Segundo a tradición a Virxe María aparecéuselle ao apóstolo Santiago na cidade de Zaragoza, nas marxes do río Ebro, sobre un piar de mármore (que se conserva na basílica), ordenándolle edificar unha capela. E alí se levantou

CONSELLO



"É mais sinxelo
obter o que se quere
cun sorriso
que coa punta
da espada"
Willian Shakespeare

COUSAS DA FE E DA IGREXA DE "OS COTOS"



Día mundial do "sorriso"

4 de outubro



No ano 1999 Harvey Ball, foi o creador do símbolo iconográfico da Carita Feliz, e estableceuse o Día Mundial do Sorriso.



Harvey faleceu no ano 2001, é dende entón creouse a Harvey Ball World Smile Foundation, na súa honra.

É unha organización na que cada ano teñen lugar actividades e recollen fondos para obras benéficas que levan alegría a todas as persoas arredor do planeta.

O sorriso é un xesto moi beneficioso. Ao sorrir o noso corpo libera endorfinas e serotonina, son dúas hormonas que nos fan sentir máis felices, menos nerviosos e melloran o noso estado de ánimo.

O sorriso é parte da linguaxe universal, é gratis e axúdanos en moitos ámbitos da vida.

"Non permitas que o teu sorriso se esmoreza, alguén está a buscarte para que xuntos poidamos brillar" Antoine de Saint-Exupéry

"A maior arma que un pode levar contra os seus inimigos é un simple sorriso." Lionel Suggs



Palabras do Papa Francisco sobre a catequese

"Xamais se cansen de ser catequistas, non de dar leccións de catequese".

"A catequese non pode ser unha hora de clase, senón que é unha experiencia viva na fe".

"Non se esquezan nunca que a finalidade da catequese, que é unha etapa privilexiada da evangelización, é chegar a atopar a Xesús e permitir que El medre en nos".



LECTURAS BÍBLICAS NOS DOMINGOS DE OUTUBRO

DÍA 6	LECTURA	Xen 2, 18-24	Creados na igualdade
	EVANXEO	Mc 10, 2-12	Muller e home iguais en dignidade
DÍA 13	LECTURA	Sab 7, 7-11	Nas riquezas non está a verdadeira sabedoría
	EVANXEO	Mc 10, 17-27	Vai e comparte todo o que tes
DÍA 20	LECTURA	Is 53, 10-11	Polos traballos da súa vida verá a Luz
	EVANXEO	Mc 10, 35-45	A grandeza de quen dá vida
DÍA 27	LECTURA	Xer 31, 7-9	Si, volveime Pai do meu pobo
	EVANXEO	Mc 10, 46-52	Vai, salvoute a fe